



ACTA DO PLENO EXTRAORDINARIO CELEBRADO O VINTENOVE DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASEIS.

ASISTENTES

ALCALDESA: DONA MARIA LOUREIRO GARCIA, PSdG-PSOE

CONCELLEIROS:

D.JESÚS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL, PSdG-PSOE

DON JESÚS FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ , PSdG-PSOE

DONA LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ- NORIEGA, PSdG-PSOE

DON EMILIO VILLARMEA MENDEZ, PSdG-PSOE

DONA MARIA SOLEDAD REY YÁNEZ , PSdG-PSOE

DON CARLOS ALBERTO GUEIMUNDE CABALEIRO, PSdG-PSOE

DON ANTONIO JOSE BOUZA RODIL, P.P

DON JAIME EDUARDO DE OLANO VEL,PP.

DON CELESTINO VALENTIN GARCI PAZ P.P

DONA MARIA JESÚS VALE LOPEZ, P.P.

DON BELINDA BERMÚDEZ OTERO,P.P.

DON BERNARDO JOSE FRAGA GALDO,

DON MANUEL GALDO DOPICO,

DONA SARAY BLANCO CANOURA,

DON MARCOS BESADA ALVAREZ,SON-VIVEIRO.

EXCUSAN AUSENCIA

DONA MARIA ISABEL RODRÍGUEZ LOPEZ (PSDG-PSOE)

DON JAIME EDUARDO DE OLANO VELA,(P.P.)

INTERVENTOR EN FUNCIONS. DON SERGIO AGUADO DELICADO

SECRETARIA ACCTAL: DONA FATIMA MOAR RIVERA

Na Casa do Excmo. Concello de Viveiro, sendo as trece horas e trinta minutos do día vintenove de abril de dous mil dezaseis, baixo a Presidencia da Sra.Alcaldesa, Dona María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres.Concelleiros relacionados anteriormente, así como da secretaria accidentl, D^a.Fátima Moar Rivera, e coa asistencia do Sr.Interventor en funcións,D.Sergio Aguado Delicado, celébrase sesión extraordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

Abertaa sesión e declarada pública polo Sra.Alcaldesa-Presidenta á hora indicada, previa comprobación pola Secretaria do quórum de asistencia legalmente esixido para a válida celebración das sesións do Pleno do Concello, nos termos esixidos no artigo 113.1 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro, a Presidencia procede ao tratamento dos asuntos contidos na Orde do día:

1.-TOMA DE RAZON DO PASO A NON ADSCRITO DOS CONCELLEIROS DO GRUPO DO BNG-ASEMBLEAS ABERTAS.



Pola Sra. Alcaldesa, dase conta de escrito presentado no Rexistro do Concello co número de entrada 2726, de 18 de abril, que presenta á Alcaldesa D. Bernardo Fraga Galdo, con DNInº 33997223-A, D. Manuel Galdo Dopico con DNInº 33.835.758-K e Dona Saray Blanco Canoura, con DNInº 34.883.620-A, Concelleiros e Concelleira da Corporación Municipal de Viveiro.

Exponen que dende o pasado venres 8 de abril deixamos de pertencer oficialmente á organización política BNG-Asemblea Abertas, da que os tres formábamnos parte
E que estaba constituída como Grupo Municipal no Concello de Viveiro.

SOLICITAMOS:

Por parter do Pleno da Corporación se tome coñecemento deste feito e se leven a cabo as actuacións correspondentes en orde á situación de non adscritos da que pasaríamos a formar parte.

A continuación se lles sinala o contido do artigo 73.3) da Lei de Bases de Réxime Local que regula, entre outros, a situación dos Concelleiros non adscritos, e que di: “ ..A efectos da súa actuación corporativa, os membros das corporacións locais se constituirán en grupos políticos, na forma e cos dereitos e as obrigacións que se establezan con excepción de aqueles que no se integren no grupo político que constituían a formación electoral pola que foron elixidos ou que abandonen o seu grupo de procedencia...., tendrán a consideración de membros “no adscritos “. considerándose como unha das situacións que configuran a un concelleiro como “non adscrito” o abandono do grupo de procedencia ou da formación política que presentou a candidatura pola que concorriron ás eleccións.

En base á normativa vixente e á doutrina xurisprudencial pódense concluir os seguintes aspectos respecto ós dereitos dos concelleiros non adscritos, que se enumeran simplemente para o seu coñecemento e información aos membros da Corporación, sendo os seguintes:

Dereito a formular rogos e preguntas en igualdade de condicións co resto dos membros da Corporación.

Posibilidade de plantexar mocións o Pleno da Corporación.

Dereito á participación nas Comisións informativas e nas Comisión de voceiros.

Os dereitos económicos e políticos dos membros non adscritos non poderán ser superiores ós que lles correspondían de permanecer no grupo de procedencia.

Imposibilidade de presentar candidato nos procesos de eleccións de alcalde que se plantexen durante o mandato.

O Pleno Corporativo, por unanimidade de tódolos membros presentes, quince, ACORDA:

1º.- Darse por enterada, e toma razón desta nova situación, de que dende o pasado venres 8 de abril de 2016, D. Bernardo Fraga Galdo, con DNInº 33997223-A, D. Manuel Galdo Dopico con DNInº 33.835.758-K e Dna. Saray Blanco Canoura, con DNInº 34.883.620-A, deixaron de pertencer oficialmente á organización política BNG-Asemblea Abertas, da que os tres formaban



parte e estaba constituída como Grupo Municipal do BNG no Concello de Viveiro pasando a unha nova situación como “Concelleiros/a de Non Adscritos.”

2º.- Comunicar o devandito acordo aos interesados.

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DIA SEIS (6) DE ABRIL DE 2016.

Pola Sra. Alcaldesa Dona María Loureiro García, pregúntase ós Sres. Concelleiros se teñen algunha rectificación ou salvedade que facer á acta da sesión ordinaria do 6-04-2016.

Seguidamente, por D. Antonio José Bouza Rodil, como voceiro do Grupo Municipal do PP, ven en facer a seguinte salvedade á refletida Acta e dí. “ Na páxina 26 e relativo ao punto da Orde do Día, nº 8.- Moción de Son Viveiro conmemorativa da II republica”No punto número tres, cando dí: “Votos a favor: por unanimidade, isto é incorrecto, e debe dicir: “ Votos en contra: catro (4) que resultan ser do P.P.

Seguidamente, admitida esta salvedade, aclárase que queda igualmente aprobado o sinalado no punto número tres da moción.

E non producíndose ningunha outra obxección ou puntualización, o Pleno Corporativo, por unanimidade, acorda prestarlle a súa aprobación á Acta da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o seis de abril de 2016.

2.-ADHESION AO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE, A ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTONOMA DE GALICIA, A TRAVES DA CONSELLERIA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E A FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS EN MATERIA DE XESTION DE RESIDUOS DE APARELLOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS.

“En data 06-04-2016, nº 2.337, ten entrada no Rexistro desta Corporación escrito remitido pola FEGAMP, pola que se informa que a Federación Galega de Municipios e Provincias e a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio asinaron o pasado día 30 de marzo de 2016 un convenio para realizar accións de mellora nos puntos limpos e así cumprir cos requisitos de recollida, almacenamento e clasificación de RAEE establecidos no Real Decreto 110/2015 do 20 de febreiro, de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos.

A finalidade de subscribir o citado convenio é contribuir á adecuación dos puntos limpos aos requisitos establecidos no Real decreto 110/2015 que establece na Disposición Transitoria Segunda que, as Entidades Locais aplicarán plans de adaptación dos puntos limpos e das instalacións de recollidas municipais ás previsións do Real Decreto mediante calendarios graduais, cun prazo máximo de cinco anos dende a entrada en vigor do mesmo.

As accións que recolle o convenio, financiadas por fondos FEDER e fondos propios da Xunta de Galicia, son:

- Medios par a pesada dos RAEE recollidos.
- Marquesiñas para o almacenamento dos RAEE
- Barreiras de estanquidade e beirís perimetrais
- Carteéis distintivos correspondentes ás distintas fraccións da RAEE.



Considerando que adhesión ao citado Convenio é convinte para o Concello de Viveiro dende o punto económico e de xestión, esta

Alcaldía, PROPON ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Viveiro ao Convenio Marco de Colaboración asinado o 30 de marzo de 2016, entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a FEGAMP e as entidades xestoras de sistemas integrados de xestión de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos o ámbito de actuación dos cale sinclúe o territorio de Galicia, a fin de garantir o cumprimento do Real

Decreto 208/2005, e a normativa concordante, asumindo os compromisos mínimos contidos no referido Convenio marco.

SEGUNDO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, ou concelleiro que legalmente a substitúa, para asinar canta documentación sexa precisa para a formalización da referida adhesión e cantos documentos se deriven da mesma.”

Finalizada a lectura indicada a Sra. Alcaldesa que considera que esta adhesión é unha medida que beneficia ao Concello dende o punto de vista económico e de xestión.

Visto o informe da asesoría xurídica.

Visto o Convenio Marco de Colaboración incorporado no expediente.

Tendo en conta o Dictame favorable da Comisión informativa de Desenvolvemento Local,

Sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, en votación ordinaria co resultado de quince votos a favor, maioría absoluta e unanimidade, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- A adhesión do Concello de Viveiro ao Convenio Marco de Colaboración asinado o 30 de marzo de 2016, entre a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e a FEGAMP e as entidades xestoras de sistemas integrados de xestión de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos o ámbito de actuación dos cale sinclúe o territorio de Galicia, a fin de garantir o cumprimento do Real Decreto 110/2015 do 20 de febreiro, de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos, e a normativa concordante, asumindo os compromisos mínimos contidos no referido Convenio marco.

SEGUNDO.- Facultar á Sra. Alcaldesa, ou concelleiro que legalmente a substitúa, para asinar canta documentación sexa precisa para a formalización da referida adhesión e cantos documentos se deriven da mesma.”

TERCEIRO.-Remitir o modelo de adhesión xunto co acordo de adhesión á Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental.Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia.San Lazaro s/n 15781 Santiago.



E non habendo máis asuntos de que tratar, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión, cando son as trece horas e coarenta e cinco minutos, do día con que se encabeza esta Acta extendéndose de todo o tratado a presente, do que como secretaria accidental, dou fe.

A SECRETARIA ACCTAL